

Bases de datos

As bases de datos son ferramentas que almacenan e facilitan o acceso, mediante a realización de buscas, a grandes cantidades de información científica. Tal información provén de publicacións especializadas: revistas, monografías, actas de congresos, teses de doutoramento, etc. Nalgúns casos dan acceso aos textos completos; noutros, só aos resumos dos documentos.

En función da información que queiramos recuperar, hai que ter en conta dúas características:

- A súa temática ou área de coñecemento na que se clasifica a información que ofrece; moitas son multidisciplinares, polo que poderemos atopar información relacionada con varios campos.
- A súa relevancia, que se mide en función da cantidade e calidade das publicacións que ten indexadas.

A biblioteca está subscrita a algo máis de 50 bases de datos de diferentes materias, organizadas na web [alfabeticamente](#) ou segundo a súa [temática](#). Ofrécense guías e tutoriais das mesmas.

Para cada disciplina soe haber unha base de datos nuclear con tódala información científica que se publica sobre a mesma. Por exemplo, Avery para arquitectura, EconLit para economía, etc. Para revisar as bases de datos de cada disciplina temos un listado das mesmas nesta [ligazón](#).

As **bases de datos multidisciplinares** máis importantes son a do CSIC e Dialnet no ámbito español, e a Web of Science e Scopus no ámbito internacional. Estas dúas últimas son moi selectivas e soamente conteñen información das mellores revistas, fronte ás bases de datos nucleares que conteñen todo. Sirven ademáis como sistemas de información científica e son empregadas para a avaliación da produción investigadora a efectos de sexenios e acreditacións.